

X.CARLOS GOMEZ ALFARO
e
HELENA VILLAR JANEIRO,
PREMIOS DE POESIA DO
CENTRO CULTURAL DE BEGONTE

XOSE CARLOS GOMEZ ALFARO con "TRILOXIA DE NADAL", presentada co lema "Advento", ven de acadar o PREMIO BEGONTE DE POESIA na súa XV edición, convocado polo Centro cultural "José Domínguez Guizán" de Begonte, e patrocinado pola Aula de Cultura da Caixa Galicia. O premio está dotado con 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

Gómez Alfaro, ourensán de Ribadavia, é profesor de Bacharelato no colexio PP.Somascos de A Guarda(Pontevedra).

O Segundo premio, dotado con 25.000 pts. e estatuíña de Sargadelos, foi para "BELEN", presentado co lema "Meixide" por HELENA VILLAR JANEIRO, escritora lucense residente en Santiago de Compostela.

Os premios foron concedidos por un xurado composto por:

- D. LINO BRAXE MANDIA, escritor
- D. LOIS DIEGUEZ VAZQUEZ, escritor
- D. XABIER RODRIGUEZ BARRIO, escritor
- D. RAMON SOILAN PENAS(en representación da entidade patrocinadora)
- D.XULIO XIZ RAMIL -Secretario(sin voto, e en representación do Centro cultural de Begonte).

Os premios serán entregados no decurso dun acto a celebrar na tarde do próximo 26 de xaneiro, no salón de actos do Centro cultural de Begonte, no que serán clausuradas as actividades do Nadal 90-91 e o Belèn Electrónico.